

San Cristovo de Merín

O nome **Cristovo** procede do nome cristián-romano de orixe grega, **Christophoros** 'portador de Cristo', composto por **Christos** 'Cristo' e **phóros** (de **pheréin**) 'portar, levar'.

A súa lenda procede do séc. XI. Trátase dun rexo mozo, xigantón, disque príncipe cananeo, que andaba buscando un señor poderoso ó que servir. Faláronlle do emperador de Roma, pero vendo que este temía ó demo, foi onda este para ofrecerlle os seus servizos. Con Satán andou polo mundo sementando o terror entre a xente, pero un día viu que o demo se volvía amarelo coma á cera ó albiscar de lonxe unha cruz. Foi entón na procura do señor da cruz, pero non o deu atopado. A quem topou foi a un ermitán, que lle aconsellou que rezase, pero non sabía rezar, que xaxuase, pero tiña que alimentar o seu gran corpo; de xeito que o ermitán díxolle que se quería servir a Deus dalgunha maneira, que se encargase de pasar camiñantes sobre os seus fortes ombros polo vado dun río e el aceptou. Un día veu un meniño que lle solicitou os seus servizos; el asentiu e pensou que lle sería fácil, pero de súpito, o neno empezou a medrar e aumentar de peso e el afundíase nas augas. O neno salvouno deste apuro e aclaroulle que era en premio á súa vontade de servizo.

É patrón de varias causas: dos que traballan con risco de morte repentina, camioneiros, aviadores, alpinistas... Pola súa corpulencia tamén é patrón dos atletas, porteadores, descargadores. No día da súa celebración engalánanse os automóbiles de todo tipo.

Représéntase coma un home de tipo corpulento, cos pés metidos na auga, unha ruda caxata na man e un neno Xesús ás costas ou nun ombro.



O Pazo

Este topónimo vén do latín **palatium**, 'pazo, casa dun gran señor'.

Os nomes de lugar coma este poden estar motivados pola presenza dun pazo en épocas anteriores. Debemos ter en conta que ás veces os nomes de lugar sobreviven ás construcións ou edificacións (pazo, igrexa, mosteiro...) que lles deron orixe.



Recarei

Este topónimo de orixe xermánica procede de * (villa) **Recaredi** e este de **Recaredus**, antropónimo que deu orixe a abundantes topónimos.

A causa que motivou a orixe deste topónimo probablemente estea no nome do fundador ou propietario de fincas e poboacións, que foron orixe das aldeas actuais.



Cabanelas

Este topónimo ten a súa orixe na palabra latina **cappanna** 'cabaña' más o diminutivo **-ela**.

A súa procedencia pode estar motivada pola presenza de cabanas ou casiñas de uso preferentemente agrícola e pastoril, para almacenar cereais e comida ou gardar o gando.



Cazorráns

Descoñecemos a orixe deste nome de lugar, pero podemos dicir que está formado por **casa** más un segundo elemento que non logramos identificar.



Fraís

Este topónimo procede do xenitivo do nome de persoa **Fradricus** (**Fadrique**).



A Igrexa

Este nome de lugar vén da forma xenitiva latina *(*locus*) **ecclesiae**, 'igrexa'.



Merín

Segundo Gonzalo Navaza debe ser o xenitivo dun nome persoal, talvez **Marinus** ou **Mirinus**, cunha raíz que significa 'fama, renome'.



Rosende

O presente topónimo procede de *(*villa*) **Ranosindi**, xenitivo do nome persoal xermánico **Ranosindus**. Está composto por ***hroth** (que dá **Rod-**, **Rud-**), 'sono, gloria' e **sinth** (-*sinde*, -*sende*) 'camiño'e por extensión 'expedición bética'. Rosende significa 'o camiño da fama' ou ben 'a expedición militar famosa'.

A parte de topónimo tamén é apelido.

